



ANUNCIO

EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 25.05.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 25 de maio de 2016**.

1. **Aprobación do borrador da acta** da sesión ordinaria do 18 de maio de 2016.
2. Dáse conta da resolución do 11 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 polo que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concello de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG número 247, do 28 de decembro)
3. Solicitud de subvención ó abeiro da Orde do 21 de abril de 2016 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.
4. Dáse conta da resolución do 10 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxecto de aforro e eficiencia enerxética na Administración local, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.
5. Dáse conta da Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galega e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, ferías, mostras, ciclos e certame de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2016.
6. Dáse conta das Bases reguladoras do plan termal "DEPOTERMAL 2016".
7. Solicitud de subvención para a intervención arqueolóxica de escavación e restauración no castro de A Subida.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan